

---

## ***Que podes facer para ter unha boa preparación na SELECTIVIDADE?***

---

### **Preparativos da proba:**

- A acumulación de exercicios pode suporche nerviosismo e confusión; tenta presentarche ás probas o máis descansado/a e relaxado/a posible e presta atención en todo momento ás indicacións dos/as examinadores/as.
- As probas esixen silencio absoluto; o Tribunal examinador ten capacidade legal para expulsar aos estudantes que incumpran as normas de corrección e comportamento
- En cada exercicio deberás presentar o teu DNI e a folla de matrícula; tampouco esquezas levar varios bolígrafos e o material específico para algúns exercicios (calculadora científica, instrumentos de debuxo, dicionario, etc.).
- As probas son anónimas; faise así para respectar a igualdade de oportunidades e evitar ningún tipo de influencia que poida privilexiar a ninguén. Por tanto, non debes pór o teu nome en ningunha folla.
- Procura chegar puntual ás probas e sabendo exactamente o lugar onde se realizan

### **Durante a proba:**

- Le atentamente os enunciados e tómate o teu tempo para decidir a opción que máis che interese.
- É moi útil que organices os conceptos que vaias expor na túa resposta, mentalmente ou mediante un esquema.
- Distribúe ben o tempo para cada exercicio.
- A presentación debe ser clara e ordenada.
- Coida o vocabulario (linguaxe técnica), a ortografía, a sintaxe, os signos de puntuación, etc.
- -Contesta soamente ao que se che pregunta; non darán máis puntuación por explicar outras cousas que non teñen que ver co que che piden no exercicio.
- Argumenta as túas respostas e xustifícaaas con exemplos, se é necesario.